



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JORGE CERDEIRA LOURO
D^a. BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/01/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do proxecto de Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca, incluído no POS 2014

Á vista da notificación da Deputación Provincial sobre deficiencias no proxecto da obra de *Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca* incluído no *Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2014)*.

Unha vez corrixido o mesmo coa incorporación de todos os documentos que se sinalan na base 2.A.3 das reguladoras do plan propónse a aprobación do mesmo.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o citado proxecto.



3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual do PXOM do ámbito denominado SUD-7. Dotación privado en Santa Cruz de Ribadulla.

Dáse conta do expediente de Modificación Puntual do vixente PXOM do mencionado ámbito, nos termos do proxecto redactado a petición do concello polo arquitecto Fermín González Blanco.

Logo de remitido á consellería competente para sometemento ou non á Avaliación Ambiental Estratéxica e de que esta con data do 22 de xullo de 2013, comunicase a decisión de non sometemento a avaliación ambiental estratéxica da mencionada modificación puntual.

Tendo en conta que con data do 18 de setembro de 2013 foi aprobado inicialmente o proxecto de modificación puntual do PXOM obxecto do expediente, someténdose a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* núm.: 204 de data do 24 de outubro de 2013, no BOP núm.: 193 de data do 10 de outubro de 2013, no xornal La Voz de Galicia de data do 7 de outubro de 2013, e no xornal El Correo Gallego de data do 4 de outubro de 2013. Simultaneamente e polo mesmo prazo de información pública, deuse audiencia aos municipios limítrofes, para os efectos de que presentaran cantas alegacións estimaran e solicitáronse os informes sectoriais pertinentes.

Tendo en conta que durante o período de información pública non se presentaron alegacións e que foron emitidos os informes sectoriais que figuran na certificación emitida por Secretaría con data do 31 de xaneiro de 2014.

Logo de emitido informe polos Servizos Técnicos Municipais que figura no expediente tramitado, proponse:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o proxecto de *Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito denominado SUD-7. Dotación Privado en Santa Cruz de Ribadulla*, nos termos do expediente tramitado e do proxecto redactado para tal efecto polo arquitecto Fermín González Blanco de data 31 de xaneiro de 2013, polo que o mencionado ámbito pasaría a ser un solo urbanizable non delimitado.

Segundo.- Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

O Sr. Pose do BNG di que vai votar a favor pero recorda que a conversión de urbanizable delimitado a non delimitado é tecnicamente unha conversión a rústico.

Sométese a votación a citada proposta e apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza municipal e fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e



o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Vedra, de conformidade co marco normativo referido que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, adapta a regulación dos requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da ordenanza que se engade como anexo á presente acta..

O Sr. Lema do PP expón que se trata dunha modificación imposta polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que establece un período de seis meses para adaptar a normativa local , e esta adaptación levada a cabo polos servizos sociais, é a que se trae ao pleno para a súa aprobación.

O Pleno, con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada modificación.

5º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no Padrón fiscal do exercicio 2014.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do Padrón Fiscal correspondente ao vixente exercicio 2014, polo que respecta á *aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario*.

Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais municipais para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* dos contribuíntes, propietarios de vivendas, que deseguido se relacionan, previa solicitude por parte dos mesmos:

Solicitante e titular da vivenda	Condición que ostenta	Porcentaxe da redución (bonificación)	Situación da vivenda
CECILIA MILLÁN LÓPEZ	PENSIONISTA	50 %	CASTRO, 31 - PONTE ULLA
ISAURA LOBATO ALBELA	PENSIONISTA	50 %	RECAREI, 3 - MERÍN
GENARO CAMINO VÁZQUEZ	PENSIONISTA	50 %	TOMONDE, 40 - SANTA CRUZ
LINO SÁNCHEZ MALLO	PENSIONISTA	50 %	TEXO, 10 - SAN FINS
SOCORRO ALBELA PAIS	PENSIONISTA	50 %	XIAN, 2 - TROBE
JESUSA GÓMEZ MARTÍNEZ	PENSIONISTA	50 %	FONTAO, 1 - VEDRA
MARÍA EIRÍS LOBATO	MARÍA EIRÍS LOBATO	50 %	OUTEIRO, 7 - VILANOVA
JESÚS CARBAJALES CARBIA	PENSIONISTA	50 %	SAN PEDRO, 9 - SAN PEDRO
NICANOR JOSÉ LÓPEZ VARELA	PENSIONISTA	50 %	SALES, 4 - SAN FINS
CRISTINA RIZO LIÑARES	FAMILIA MONOPARENTAL	50 %	TRASARIZ, 16 - SAN FINS



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



NATIVIDAD ALONSO ACUÑA	FAMILIA MONOPARENTAL	50 %	CIMADEVILA, 23 - SAN MIGUEL
MIGUEL A. BARREIRO CANICOBA	PERCEPTOR AXUDA FAMILIAR	50 %	CALZANDE, 15 - SAN XIÁN
ANDRÉS BARREIRO CANICOBA	CIRCUNSTANCIA S ESPECIAIS OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL	100 %	SAN MAMEDE, 12 - SAN MAMEDE
MANUEL JUAN SUÁREZ NEIRA	CIRCUNSTANCIA S ESPECIAIS OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL	100 %	ROSENDE, 2 - MERÍN

No expediente constan os seguintes informes favorables:

* O informe da traballadora social, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren o requisito esixido no primeiro parágrafo do artigo 8.1 da Ordenanza, de que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente (bonificación do 50%) ou de que se trata de familias e contribuíntes que se atopan en circunstancias especiais ou de exclusión social (bonificación do 100 %).

* O preceptivo informe da Secretaría-Intervención, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal, no suposto do recoñecemento das bonificacións solicitadas.

Visto o expediente, propónse, en función dos citados informes e do establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, propón:

1º.- Que polo Pleno do Concello se recoñeza o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes.

2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2014 a liquidación correspondente a cada unha das vivendas relacionadas se practique polo importe de 34,00 ou 0,00 euros, segundo proceda, o que supón unha redución do cincuenta ou do cen por cento da cota tributaria anual vixente de 68,00 euros por vivenda, así como unha minoración no importe total do citado padrón que ascende á cantidade de 544,00 euros.

O Sr. Pose do BNG lémbrale á Presidencia que hai unha moción aprobada en pleno que implica non repercutirlle o incremento do custo de Sogama aos veciños.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

6º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal do exercicio 2014.

Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2014, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E OITO MIL (3.768.000,00) EUROS e no Estado de Ingresos á cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E OITO MIL (3.768.000,00) EUROS; por conseguinte, o proxecto do Orzamento presenta unha situación de equilibrio que cumpre o principio de estabilidade presupostaria esixido pola normativa vixente nesta materia.

Dáse conta, así mesmo, do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado proxecto. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o R.D. 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe favorable emitido pola Intervención, propónse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2014, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E OITO MIL (3.768.000,00) EUROS e no Estado de Ingresos na cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E OITO MIL (3.768.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.318.156
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.345.553
3	Gastos financeiros	38.400
4	Transferencias correntes	45.298
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	827.984
7	Transferencias de capital	9
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	180.600
	SUMA TOTAL DE GASTOS	3.768.000

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.022.000
2	Impostos indirectos	30.000
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	369.000
4	Transferencias correntes	1.824.000
5	Ingresos patrimoniais	0
	A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Alienación de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	511.000
	B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000
9	Pasivos financeiros	0
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	3.768.000



- 2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.
- 3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.
- 4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- 5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.
- 6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

A Presidencia expón que se trata dun ano complicado para elaborar os orzamentos porque a actual crise económica dificultao enormemente, tal e como manifestaron na prensa o Alcalde de Brión, do PSdG-PSOE, “os orzamentos reflicten a escasa capacidade de investimento local debido á crise económica e aos recortes de ingresos e por outro lado a lexislación estatal que impón férreos controis sobre da capacidade de xestión dos Concellos” e o do Concello de Teo, de Anova “unhas contas axustadas e realistas, e condicionadas pola situación económica actual”; é dicir, que non é algo exclusivo de Vedra, está a acontecer en todos os concellos da comarca, que é un exercicio atípico, no que as circunstancias extraordinarias, económicas e as esixencias das disposicións legais obrigan a medidas extraordinarias de aforro que van afectar a todos, especialmente polo lado dos gastos.

Sinala tamén que as medidas e axustes que propoñen nestes orzamentos consideran que son os menos malos, e que permiten unha prioridade: manter todos os servizos vixentes e prestalos mantendo a mesma calidade que ata o momento, que para o seu grupo é unha guía básica. Di que comezando polo ingresos, que se amosan realistas, prudentes, racionais e a partir de aí vense os gastos, e aí reflíctese un axuste para este exercicio, nos orzamentos do Estado, nas transferencias ordinarias do Estado ao concello, onde baixan; que sumados aos reintegros das liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009, supoñen unha baixada de máis de 100.000 euros. O cal sumado ao incremento de Sogama que non vai repercutir nos veciños, que son 30.000 euros, e ao custo do servizo de recadación da Deputación, algo extraordinario, porque neste exercicio impútanse as taxas de recadación dos exercicios 2012 e 2013, e outras cuestións, suman un total de axustes en gastos ordinarios entornando aos 250.000 euros.

Manifesta que existían dúas opcións, ou ben suprimir algún servizo, que non era a súa intención, ou ben tocar todas as partidas, pero sempre coa máxima de manter os servizos e a súa calidade, que non foi fácil e requiriu un gran esforzo por todas as partes, ser enormemente rigoroso este ano nos gastos, vai requirir ter unha gran determinación; pero sobre todo hai que demostrar que somos responsables na execución deste orzamento, e na administración do concello.

De seguido procede a dar conta das consignacións das partidas do orzamento, no capítulo de gastos de persoal, detéctase un incremento do gasto debido á reincorporación das auxiliares de axuda no fogar, pero ese mesmo importe detraese no



capítulo II de gastos (servizos externos), pero preténdese reducir o número total de efectivos antes de rematar o exercicio, mantendo os mesmos servizos. Tampouco se dota de fondo social para os traballadores municipais como medida de aforro; nos gastos correntes adecúanse tamén os servizos existentes previstos no exercicio actual, producíndose un aforro do 12% nos créditos consignados nese capítulo en relación a exercicios anteriores, o que supón un gran esforzo para acadar eses obxectivos, por iso - di- fala de rigorosidade e responsabilidade; recórtanse os custos dos servizos de urbanismo; mantemento dos alumeados públicos; servizos de limpeza; gastos culturais e de promoción do turismo, órganos de goberno, ...etc. Redúcense en xeral os custos en servizos externos sempre coa mesma premisa, sen afectar á súa calidade, e haberá que prescindir de certos gastos en cuestións e ámbitos concretos que non alteran para nada os servizos básicos, como Feiravedra e a Gala do Deporte; prodúcese unha rebaixa dos xuros debido a que a cantidade de débeda bancaria é inferior á do ano pasado, e en canto ás transferencias correntes, subvencións, axudas, ... tamén se recorta a súa asignación nun 13%, pedíndolle tamén un esforzo a todas as asociacións, escolas de música, deportivas, culturais, teatrais, ..etc, onde por unha banda o concello fará un gran esforzo en seguir mantendo esas axudas nun momento moi complicado, pero tamén lle piden que comprendan o esforzo.

Di que a súa intención é que no vindeiro exercicio ese esforzo que lle están a pedir tanto ao persoal do concello como ás distintas asociacións, como á cidadanía en xeral , non van ter que facelo, e que están seguros de que para o ano se recuperarán e volverán a recibir as mesmas axudas que viñan percibindo ata o de agora.

Expón tamén que se incrementan as consignacións nas partidas de emerxencia social, pola situación de crise, e as de mantemento de estradas e vías públicas, polo inverno complicado que estamos a sufrir; e dado que a crise tamén a sofren as familias non se van incrementar nin os impostos nin as taxas municipais, nin tampouco se solicitará crédito algún, polo que ao final do ano a débeda bancaria reducirase nuns 180.000 euros.

Por último sinala que se fai un esforzo nos investimentos, uns 800.000 euros, onde gran parte deles van destinados a acondicionamento de camiños públicos, plan de arranxos, reposición e reparación de infraestruturas e equipamentos municipais, tanto culturais, educativas e deportivas, ampliación da rede de abastecemento de auga, plan de parques infantís, aparcadoiro en San Xián de Sales, senda peonil en San Fins de Sales, financiados a maior parte deles con fondos finalistas, con convenios da Xunta e da Deputación, que non se poden destinar a gastos correntes, por iso vale a pena facer un esforzo e destinar fondos propios para non perder esa capacidade de investir e eses fondos procedentes doutras administracións.

Di que é un ano difícil, atípico e solicita o apoio dos outros grupos e senón o apoio a abstención para poder sacar estas contas adiante.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que se hai algo positivo que destacar destes orzamentos que hoxe se traen a debate e aprobación, é que por unha vez se presentan nun prazo prudente e non despois de 6-7 meses ao que estaban acostumados, esperando que non sexa algo puntual nin anecdótico, pero tamén é certo que dá igual que o fagan nunha ou noutra data porque cos orzamentos que se teñen traído a debate a este pleno, en ningún caso se puido dar cobertura ás innumerables promesas que recolle o seu programa electoral , e tampouco se recollen acenos das administracións amigas que gobernan, nunca con tanto poder se fixo tampouco e ese poder tivo tan pouca repercusión en positivo para o Concello de Vedra.



Sinala ademais que no debate dos orzamentos do exercicio 2013 , o seu grupo dixo que eran uns orzamentos planos, feitos por un administrativo, que non se vía o perfil político deses orzamentos, e se aqueles eran planos estes son uns orzamentos depresivos, posto que se está a falar de 250.000 euros menos por unhas condicións excepcionais que a presidencia lles traslada, que son puntuais este ano, pero a cuestión é que se trata de 250.000 euros menos que se detraen nos servizos que se lle prestan aos veciños.

Expón tamén que o slogan da campaña electoral do equipo de goberno era “o máis con menos”, e que o menos quedalles clarísimo pero pregúntalle cando chega o máis?, cando considera o Sr. Alcalde que se vai dar ese máis?, porque o ano pasado xa dixo algo semellante, e este ano toca así, o ano pasado tocou como tocou, e para o ano que vén non cre que poida tocar mellor, posto que dende o goberno central repiten que se inicia a recuperación, pero aquí estamos en pleno 2014 e a recuperación supón 250.000 euros menos, pedíndolle ao Sr. Alcalde que se encomende a outros santos distintos dos que se encomendan varios ministros do goberno central para que nos axuden na recuperación.

Para rematar a súa intervención sinala que no debate dos orzamentos do ano pasado o seu grupo abstívose coa premisa de que se revisasen unha serie de cuestións que se formulaban e que se trouxesen a debate dos grupos, e ver se entre todos chegaban a un acordo; e vemos que parte delas que se tiñan que ter revisado o ano pasado con máis calma e sosego , tráense hoxe aquí e méteselle o machete porque non queda máis remedio e porque no lo impoñen, dado que a inxerencia que está a facer o goberno central na autonomía local a todos a niveis é bastante grande. Polo que aquilo que motivou o seu acto de boa fe non se cumpriu nin se levou a cabo como debera , como acontece co tema de Sogama que tantas veces lle avisou o seu grupo e o voceiro do BNG, o seu voto vai ser en contra, independentemente de que esperan que as previsións do equipo de goberno da excepcionalidade deste ano e de que para o vindeiro ano as cousas volverán a ser como antes se cumpiran porque será bo para todos.

O Sr. Pose do BNG expón que o seu grupo votará en contra, que non se trata dun ano especial, así o din moitos economistas, non hai nada que nos faga pensar que o ano que vén vai ser mellor, e que seguramente o orzamento será aínda menos.

Di que son 250.000 euros menos por moitos motivos, uns achacables ao goberno central, do PP, e outros achacables a calquera outra cousa; 450.000 euros que dependen da boa fe da Deputación Provincial. Hai certas cousas polas que non pode pasar, preguntado como é posible que se está a diminuír a poboación e non se van incrementar as taxas pola recollida de lixo, que se consignan 15.000 euros máis, e que pode discutir co Sr. Alvela se el é ou non de Vedra, que quizais se necesite un prisma especial para entender certas cousas, pero diminuír as partidas de acción social, dependencia, centros de saúde, educación e outras moitas porque faltan 250.000 euros que non se contaba que faltasen, 32.000 acción social; 4.000 dependencia; centros de saúde: 3.000, educación: 24.000 euros, en total 65.000 euros; e non obstantedentro dun mes pagamos 65.000 euros por una finca para aparcas os coches un só día ao ano, dándolle igual quen iniciase o trámite, o que considera unha aberración, e pódennlle dicir que non entende aos veciños de San Miguel , porque estes opinan como el a maioría.

Aproveita para darlle as grazas á Presidencia pola instalación do Streaming.

O Sr. Alvela de TEGA expón que sempre se caracterizou por ver os orzamentos de xeito distinto ao resto da oposición, porque sempre entendeu que a responsabilidade de estar



aquí leva consigo compromisos, porque o fácil é sumarse ao carro e incluso o máis entendible, pero a realidade ven sendo testana no asunto dos números, e vemos que as promesas electorais de aquí en adiante cando se fagan haberá que facelas con máis tino, posto que non hai moito de onde sacar, o momento é o que é, e os concellos necesitan tirar para adiante cos recursos que realmente hai.

Di ademais que lle consta que o máis fácil é facer números a toro pasado, posto que as partidas se axustan ás realidades, e que previsiblemente hai que achacarlle ao equipo de goberno que dende o principio da lexislatura non tivese en conta que este recorte fose máis gradual, estando de acordo co voceiro do BNG, pero tamén tendo en conta que os axustes, como dixo a Presidencia, están pensados para manter todos os servizos, pedíndolle un esforzo aos colectivos, traballadores, vaise abster na votación pensando sobre todo que non hai nada de electoralismo nos mesmos, dado que non hai que esquecer que no ano 2015 haberá eleccións municipais, e que puidese a tentación a levar a enfrascarse en cuestións que darían como resultado complicar aínda máis as contas. E neste sentido -di- ve rigor, as partidas que se foron tocando con certa equidade, poden estar ou non de acordo, incluso algunhas non estarán pechadas e poderase facer algún axuste ao longo do ano.

Por último sinala que o concello necesita os orzamentos e os seus veciños que o concello funcione , en todo caso á marxe de que haxa orzamentos mellores, hai que ser o máis realista posible e tendo en conta que isto se puido ter previsto tamén antes, a súa abstención pode tornarse definitiva para que se aproben os orzamentos, sempre crendo que se fai o mellor para os veciños.

A Presidencia expón que con respecto ao exposto polo PSdG-PSOE, que hoxe na prensa sae publicado que o tramo de Vedra a Santa Lucía terá un novo viaduto, co que algo do seu programa electoral se vai cumprindo, e en momentos moi complicados; e que cando fala de que ao mellor se recuperan cousas que este ano quedan suspendidos fala con datos obxectivos, posto que imaxinando que as transferencias do Estado non se incrementen, a amortización da débeda bancaria que este ano ascende a 180.000 euros, para o ano será de 110.000-120.000 euros, e as taxas de recadación da Deputación que neste ano cargan dous exercicios, para o vindeiro só se pagará un, co que se aforran 30.000-40.000 euros, que suman máis de 100.000 euros, polo que non se trata só de encomendarse aos santos, pero para iso hai que ser moi rigorosos na execución do orzamento, recoñecendo que será un gran esforzo e responsabilidade pola súa parte.

En relación ao manifestado polo Sr. Pose do BNG, di que o importe que figura na taxa de recollida de lixo non é un erro, simplemente é un dato obxectivo que nos remitiu a Deputación porque hai un par de anos houbo unha actualización e sempre chegan con retraso. Con respecto á expropiación da finca de San Miguel temos a obriga de pagala, e con isto recupérase a antiga cancha deportiva e así figura no PXOM como dotación deportiva e non para aparcadoiro de coches.

O Sr. Pose di que é coñecedor de que é unha dotación deportiva porque así o decidiu “Nande” o concelleiro do BNG naquel momento, e que repite por enésima vez que non dubida da xustiza, pero que considera que non é o momento axeitado, que se podía paralizar á espera de tempos mellores, posto que agora non é prioritario, como son acción social dependencia, centros de saúde,etc., e con respecto aos dous datos obxectivos de que fala a Presidencia, sinala que soamente que a concesión da autoestrada a recupere o estado, xa perde o concello 228.000 euros, e se a Deputación



de fai cargo de servizos que non son intrínsecos do concello tamén vai retirar recursos, é so se trata de dúas cousas que poden acontecer nos vindeiros exercicios.

Di ademais que o que teñen de bo estes orzamentos é que se recuperan servizos, como o da EDAR, solicitando que non se volvan a externalizar servizos.

Sométese a votación a proposta presentada e rexístranse seis votos a favor do PP, seis votos en contra do PSdG-PSOE e BNG, e unha abstención de TEGA. Repítese a votación , rexistrándose o mesmo resultado e aprobándose co voto de calidade da Presidencia.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre reforma local e provincial.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que a reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as Deputacións como apéndice executores das políticas deseñadas dende o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado Español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que dende Galicia se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.

Di tamén que a reforma supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditada ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirlles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das Deputacións.

Nestes momentos cómpre oporse á reforma local, pois supón unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

A través da moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico , para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por iso o grupo municipal do BNG solicita ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte ao disposto nos artigos 75 bis da Lei Orgánica do 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

2º.- Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado Español, con base nos seguintes criterios:

A) As estruturas territoriais básicas do Estado Español serán os municipios e as comunidades autónomas.

B) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galicia, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.



O Sr. Pose do BNG di que o tema é claro e que é unha oportunidade perdida. Son 150 anos de deputacións que non trouxeron absolutamente nada bo, e pérdese unha oportunidade de ouro para a reconstrución do Estado, porque en contra da reforma local están todos os grupos dun xeito ou doutro, solicitando o voto favorable a esta moción.

O Sr. Lema do PP di que o seu grupo votará en contra porque considera que non é o momento para facer reformas constitucionais sobre das deputacións, que consideran ademais que son órganos moi importantes para o funcionamento e axuda á xestión sobre todo nos concellos pequenos, non vendo a necesidade de cambiar o modelo establecido.

Dona Lucia González do PSdG-PSOE di que o seu grupo apoia sen ningún tipo de paliativo o punto 1º da moción e respecto do 2º, pregunta se esas comarcas non teñen que estar dotadas administrativamente.

Sinala ademais que considera que neste momento de crise, onde se cambalea todo o coñecido, son momentos propicios para o cambio, se ben tamén son momentos perigosos porque hai moitas tensións e poden xurdir debates paralelos máis ou menos oportunos. E con respecto ás deputacións, se ben fai pouco se abstiveron na votación da moción presentada no pleno polo BNG, á vista da resolución que se tomou na Fegamp por parte dos grupos alí representados, onde se recollía unha argumentación a favor do mantemento das deputacións, dado que ese papel que tiveron as deputacións no seu momento de ser unha estrutura de soporte a concellos pequenos, axudando a xestionar servizos en conxunto, veu cambiando e hoxe máis ben semella que a través desta nova dotación de servizos que se pretende facer dende o Goberno Central baleiran de contido e de capacidade aos gobernos locais, o seu voto vai ser a favor do punto 2º.

O Sr. Alvela de TEGA di que non ten necesidade de explicar o sentido do voto porque da outra vez xa votou a favor, e cando se fala de cuestións supramunicipais que afectan pero que non están para nada nas súas mans, sempre están a facer “brindes ao sol” e con mocións que entran sempre tarde e que hai que votar seguido as mesmas cousas, implica que haxa grupos políticos como PSdG-PSOE que unha vez teñan que votar a favor e outras en contra e teñan que dar explicacións varias.

Expón tamén que no tema das deputacións, Terra Galega defende a postura da desaparición destes entes en favor doutros que dalgún xeito articulen os tempos actuais, e aínda que habería cousas que matizar vai apoiar esta moción.

Intervén de novo dona Lucía González por alusión e di que é absolutamente lícito que poidan facer unha defensa dunha postura nun momento determinado, amparada nunha decisión e nun posicionamento que viñan de tomar en conxunto a Fegamp, e se á vista do percorrido que están a ter as distintas leis e decretos que van saíndo e que veñen a alterar a concepción das administracións públicas como se viñan entendendo, o seu grupo está no perfecto dereito de modificar a súa abstención a un voto favorable ou desfavorable se fose o caso, indicándolle ao Sr. Alvela que sería conveniente que revisase determinadas posicións para valorar a evolución das súas propias crenzas.

O Sr. Alvela di que o dereito é total e absoluto, só sinala que a reiteración de mocións no mesmo sentido leva a que a veces poidan confundirse, contestándolle a voceira do PSdG-PSOE que quizais non sería necesario estar reiterándose sobre do mesmo sen non estivésemos vivindo a golpe de decretos, que afectan continuamente á política e á



acción local, o que obriga a insistir en determinadas cuestións e a revisar as súas posicións nun momento dado.

O Sr. Pose di que efectivamente se traen ao pleno mocións de temas que non lle correspondente ao pleno discutir, pero os veciños teñen a necesidade de coñecer como pensan os seus representantes no concello. En canto ao tema do cambio da constitución que non hai problema en cambiala , procedendo a continuación á lectura dunha serie de titulares sobre novas das catro deputacións galegas que amosan o funcionamento deste entes nos anos da súa existencia, 150 anos de corrupción, e que dende logo a nova estrutura administrativa necesita unha administración pero dende logo non esta.

O Pleno, con sete votos a favor do PSdG-PSOE, BNG e TEGA e seis en contra do PP, acorda aprobar a citada moción..

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para garantir a asistencia sanitaria aos galegos e galegas que saian fóra do Estado por máis de 90 días.

Dáse conta deseguido da moción presentada polo BNG na que se expón que o Real Decreto-Lei 16/2012, eliminou o dereito de atención sanitaria universal, ficando recoñecida só para quen resida no Estado, polo que se lle nega dito dereito a todas as persoas se permanecen fóra do Estado Español máis de 90 días nun ano natural, mesmo sexan desempregados/as de longa duración, que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego.

Por iso solicita ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuíta, pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no estado español, adoptada polo Goberno do Estado no Real Decreto -Lei 16/2012.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que mentres non se proceda a derogar o Real Decreto-Lei asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos e galegas que saian fóra do estado español por un período superior aos 90 días, conservando a tarxeta sanitaria en vigor.

O Sr. Pose do BNG di que se trata dunha moción que lle afecta a veciños/as de Vedra que se marchan a traballar ao estranxeiro, e que se trata dun erro que ten unha explicación que non lle convince, que existe un tipo de emigrante que utiliza o sistema sanitario español sen vivir moito tempo aquí, e a consecuencia transversal e que o pagan os veciños/as, polo que haberá que regulalo doutro xeito.

O Sr. Lema do PP expón que ningún cidadán está excluído das prestacións do sistema nacional de saúde, sexa español ou estranxeiro, se non ten recursos ou outro sistema de aseguramento, e que as persoas que por motivos laborais saen ao estranxeiro terán alí o seu propio sistema de aseguramento.

Di tamén que o sistema sanitario está xestionado polas Comunidades Autónomas e aquí en Galicia ditáronse tres instrucións; o programa de asistencia social de saúde pública que dá acceso á atención no Sergas nas mesmas condicións que calquera outro cidadán;



o programa específico para tuberculose e un programa tamén específico referido ás enfermidades de control pola sanidade pública, que é unha longa lista de enfermidades que están cubertas absolutamente por este programa.

Sinala que esta situación creouse polo reparto indiscriminado de tarxetas sanitarias do Sistema Nacional de Saúde que xerou un gasto impropio enorme, que permitía acceder á asistencia sanitaria aínda que tivesen outro sistema de aseguramento, como por exemplo os asegurados de Muface, ademais dos moitos estranxeiros que residían na Costa Mediterránea que só con empadroarse nun concello tiñan dereito a tela.

Con respecto á moción presentada di que lle propuxo na Comisión Informativa incluír na mesma unha emenda, que rexeitou o voceiro do BNG, que supuña incluír o concepto xurídico de “cidadanía española”, para ter dereito ás prestacións do sistema de aseguramento, o que podería paliar o problema de miles de estranxeiros comunitarios que están facendo gasto tendo como teñen os seus propios sistemas de aseguramento.

Para rematar di que van votar en contra da moción, que ten o lóxico interese político, pero non soluciona o problemas de sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, e que o Decreto 16/2012 é unha medida máis das moitas emprendidas polo goberno como o da racionalización do gasto farmacéutico, que supuxo un enorme aforro para a sostibilidade do sistema.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que van votar a favor, porque se ben os problemas están aí, non cren que esta sexa a mellor maneira de solucionarlos, posto que se ben pode solucionar algún, tamén crea outros e crea unha desigualdade no trato que reciben os cidadáns.

O Sr. Alveta de TEGA empra a que se poida acometer esa emenda da que falou o voceiro do PP, coñecedor do Sistema Nacional de Saúde pola súa propia profesión, e que a moción ten un encabezamento lóxico, pero entende que o equipo de goberno non a apoie pola súa exposición de motivos, e que toma como válido o manifestado polo Sr. Lema de que ningún español está excluído do SNS, polo que absterase na votación.

O Sr. Pose do BNG di que no tema de Muface hai vinte anos que houbo que escoller o sistema de aseguramento, e que se se inclúe á emenda proposta polo PP, moitos latinoamericanos terían tarxeta sanitaria; pero a realidade é que aos tres meses retíranche a tarxeta sanitaria, contestándolle o Sr. Lema que xa dixo que ademais do programa de saúde pública existe o programa social que garante a prestación sanitaria no SNS a toda persoa que non teña outra vía de aseguramento.

Sométese a votación a citada moción e rexístranse seis votos a favor do BNG e PSdG-PSOE, seis votos en contra do PP e unha abstención de TEGA. Repítese a votación co mesmo resultado, rexeitándose co voto de calidade da Presidencia.

9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta do PSdG-PSOE sobre en que estado está a demanda interposta polo extraballador municipal, don Pablo Frago, posto que tiña anunciado que o concello ía recorrer a sentenza. Existe fallo sobre do recurso? O traballador xa recibiu a indemnización? De onde se van retraer eses fondos? A Presidencia contéstalle que o TSXG deulle a razón ao citado ex-traballador, pagándolle o importe da indemnización o 31/08/2013 con cargo á partida 241-13100 (persoal temporal de promoción de



emprego), e que non houbo que facer modificacións de crédito porque producíronse certos aforros nesa partida que permitiron ese pago e ademais tiveron a prudencia suficiente de deixar parte do crédito recollido. Di tamén que en calquera caso dos salarios de tramitación que se pagaron, ao concello só lle corresponde pagar tres meses e o resto son por cargo dos organismos do estado correspondentes, e que xa está en proceso de reclamación.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre da factura aprobada na Xunta de Goberno do 26/12/2013 de Construcciones Boqueixón, S.L por importe de 1.808 euros pola construción dun abanico de entrada á pista en Paradela, a Presidencia contéstalle que esa factura non foi pola construción dun muro que posteriormente se tirou, senón polo abanico que se fixo alí, posto que tívose que desmontar parte da terra dos dous lados, arrimando 2,5 m cara cada lado, coas correspondentes gábeas, encofrado e formigonados , certo rebaixe da pendente, incluso onde está o poste de Fenosa houbo que tirar parte dun muro de bloque e piares de formigón que existía da expropiación alí e só queda que se poida mover o poste de telefonía para rematar de facer o desmonte e rematar o abanico.

--Á pregunta do BNG con respecto ao muro de San Xián, á Presidencia contéstalle que cando se fai o pequeno abanico para mellorar as entradas e saídas desa pista (por certo solicitado polos veciños), observan a necesidade de recortar, onde fai esquina a parcela dun particular, dita esquina e un pequeno tramo cara arriba. Solicitáronlle a ese veciño que lles permitise facer ese recorte e formulóuselle por parte dese veciño o temor a que posteriormente se puidese caer a terra que configura a súa parcela; Contestáronlle que iso non vai ocorrer, e se chegado o caso na realidade acontecese (que por certo, a día non hoxe non aconteceu), pois habería que buscarlle unha solución.

Cando volve da viaxe e lle informan, o certo é que o que se fixo alí, polas circunstancias que sexan e entende que de boa fe por parte da empresa, para nada era o que se había falado nin previsto, por iso deu a orde inmediata de derrubar todo, construción e derrube polo que nada se facturou a este concello por tanto non existe ningún prexuízo económico.

10.- Rogos e preguntas.

-- Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que coa invernia caeu unha árbore do entorno do centro de saúde e hai outra ao lado máis pequena que non sabe o que quedou tocada, polo que roga se valore o estado da mesma.

--Don José Antonio Pose do BNG solicita que en relación ao proceso de oposición do técnico da depuradora se lle comunique quen está a elaborar o temario, quen vai formar parte do tribunal de selección, como e quen vai elixir as preguntas, e se houbese fase de concurso como se vai valorar.

Ademais pregunta:

1.-Por que Vedra non apoiou o recurso xudicial polo recorte das novas liñas metropolitanas?

2.- Susana Formoso publicou no xornal El Correo Gallego que existe unha aceptación xeneralizada en Ponte Ulla do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional , e pregúntalle a Presidencia se segue reafirmandose nesa nova publicada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.- Por que non asistiu Vedra á reunión convocada para a disolución da Mancomunidade?

4.- Cal é o motivo polo que a traballadora social de Vedra asesorou a Carmen Pereiras na elaboración do prego para a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar de Boqueixón, segundo testemuño do Sr. Gacio no recurso da operación Pokemon?

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e dez minutos.



ANEXO

A) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1-Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 4 quedando redactados da seguinte forma:

1- De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

A) Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I- Asistencia para levantarse e deitarse.
- II- Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III- Control do réxime alimentario e axuda se é o caso para alimentarse.
- IV- Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- VII- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

B) Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

- I- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- II- Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e semellantes.

C) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III- Preparación de alimentos.
- IV- Lavado e coidado das prendas de vestir así como do enxoval doméstico.
- V- Apoio á unidade familiar.
- VI- Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

D) Atencións de carácter socio-social e educativo: intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como a mellora da estruturación familiar.



2- Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros , as seguintes actuacións e servizos:

A) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

B) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situacións de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

C)- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e semellantes.

D)- Adaptacións funcionais do fogar.

E)- Servizo de Podoloxía.

F)- Servizo de Fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4- En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu entorno inmediato, de maneira que facilite e promova a súa autonomía.

5- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

A)- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

B)- Actuacións que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

2-Modifícase o punto 1 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

1- A ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência, e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

As ausencias mensuais por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días, agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, reivindicarán un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza.



3-Modifícase o apartado b do punto 2 do artigo 11, quedando redactado da seguinte forma:

B) O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.

4-Modifícase o apartado 1 do artigo 16, quedando redactado da seguinte forma:

1- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito reconecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149 /2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

5-Modifícanse os puntos 2 e 4 do artigo 18 e engádese un punto máis (o 5) quedando redactado da seguinte forma:

2- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado :

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

4- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5- No caso de atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecida, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado.

% Capacidad e económica (referencia da ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables Servizo de préstamo de	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables Servizo de préstamo de axudas técnicas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	axudas técnicas								
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %			0,00 %			0,00 %		
	12,87 %			22,73 %			35,51 %		
	13,76 %			24,29 %			37,95 %		
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

6. Modifícase o punto 1 do artigo 19, quedando redactado da seguinte forma:

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizo de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de cordo co establecido no artigo 6 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO
Inferior ao 80% do IPREM	0%



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dende o 80% e inferior ao 125% do IPREM	10,00%
Dende o 125% e inferior ao 150% do IPREM	20%
Dende o 150% e inferior ao 175% do IPREM	30%
Dende o 175% e inferior ao 200% do IPREM	50%
Dende o 200% e inferior ao 225% do IPREM	65%
Dende o 225% e inferior ao 250% do IPREM	70%
Maior do 250% e do IPREM	90%

7. Introdúcese un novo parágrafo ao inicio do artigo 23 e modifícase o punto 1 quedando redactado da seguinte forma:

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

1- Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

B- MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Modificación do artigo 7 punto 1, quedará da seguinte forma:

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizo de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de cordo co establecido no artigo 6 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO
Inferior ao 80% do IPREM	0%
Dende o 80% e inferior ao 125% do IPREM	10%



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dende o 125% e inferior ao 150% do IPREM	20%
Dende o 150% e inferior ao 175% do IPREM	30%
Dende o 175% e inferior ao 200% do IPREM	50%
Dende o 200% e inferior ao 225% do IPREM	65%
Dende o 225% e inferior ao 250% do IPREM	70%
Maior do 250% do IPREM	90%

. *Modificación do artigo 8 punto 1.*

1- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito reconecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149 /2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Modificación artigo 9, puntos 2 e 4 e engádese un punto máis (o 5) quedando redactado da seguinte forma:

2- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado :

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

4- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5- No caso de atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado.

% Capacidad e económica (referencia da ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia Actividades de acompañamento,	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	socialización e desenvolvemento de hábitos saudables Servizo de préstamo de axudas técnicas			saudables Servizo de préstamo de axudas técnicas			hábitos saudables Servizo de préstamo de axudas técnicas		
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 % 12,87 % 13,76 %			0,00 % 22,73 % 24,29 %			0,00 % 35,51 % 37,95 %		
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Modificación de normas de xestión, artigo 11, punto 2, queda redactado da seguinte forma:

Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.